

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES*Responsable: Dirección Asistencial***ÍNDICE**

1. OBXECTO E ALCANCE
2. DESENVOLVEMENTO
3. DEFINICIÓNS
4. REXISTROS
5. ANEXOS

CONTROL DE MODIFICACIÓNS		
Edición	Data de aprobación	Apartados modificados
01	23/05/2014	Documento orixinal.
02	20/11/2015	
03	20/01/2017	
04	13/07/2021	Cambio de formato e de codificación do documento. Actualización de contidos. Todos os cambios están sombreados.

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES*Responsable: Dirección Asistencial***1. OBJECTO E ALCANCE**

O obxecto desta instrución é establecer o procedemento a seguir por parte do persoal Técnico en Emerxencias Sanitarias (TES) das empresas que prestan servizo na Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia-061 (RTSUG-061) para colaborar de forma organizada, segura e proporcionada ao evento, garantindo a coordinación cos distintos intervenientes nas situacións de emerxencias con afectación de múltiples vítimas.

Esta instrución é de aplicación para as empresas de transporte sanitario urxente que prestan servizo na RTSUG-061 da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061) en todos os casos nos que en calquera momento do proceso de xestión da chamada a situación sexa clasificada, polo persoal médico coordinador da CCUSG-061, como Incidente de Múltiples Víctimas (IMV).

2. DESENVOLVEMENTO

As actuacións fundamentais para garantir a asistencia adecuada nun IMV son as seguintes:

- 2.1 Garantir a operatividade das ambulancias (AA-SVA ou AA-SVB) e dispoñibilidade do material específico para un IMV.
- 2.2 Organización e control do escenario.
- 2.3 Organización do equipo asistencial.
- 2.4 Triaxe e clasificación das vítimas.
- 2.5 Asistencia.
- 2.6 Evacuación e transporte das vítimas.

Procedemento a seguir por parte do persoal TES**2.1.- Garantir a operatividade da ambulancia e dispoñibilidade do material específico para un IMV**

As ambulancias asistenciais (AA) da RTSUG-061 levarán o seguinte material en función do tipo de recurso:

- **AA-SVA-M**
 - *Chalecos reflectantes*: Mando Sanitario, responsable de Triaxe, responsable de Asistencia, responsable de Parking, responsable de Comunicacions, responsable de Evacuación.
 - *Cascos*: vermello (1), laranxa (2), azul (2).

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES*Responsable: Dirección Asistencial*

- *Plásticos de cores:* vermello, amarelo e verde.
- *Mochila de triaxe:*
 - Bloc tarxetas de triaxe.
 - Cintas para fixar tarxetas.
 - Tesoiras corta-roupa.
 - 2 cánulas orofarinxes de cada tamaño.
 - 10 compresas.
 - 2 vendas crepé 10x10.
 - Esparadrapo ou adhesivo.
 - 4 rotuladores tinta indeleble punta 0.5mm.
 - Asubíos.
 - Pulseiras de cores para triaxe SHORT.
- *Mochila de IMV:*
 - Checklists:
 - Mando Sanitario
 - Triaxe
 - Asistencia
 - Evacuacións
 - Parking
 - Rexistros de IMV:
 - Evacuacións
 - Parking
 - Verdes
 - Informe final do IMV
- *Comunicacións:*
 - 2 teléfonos móbiles.
 - 2 Walkie-talkies.
 - TETRA: o da ambulancia que é o nº 1, e dous portátiles, o do persoal TES que é o nº 2 e o do persoal sanitario que é o nº 3).
- **AA-SVA-E**
 - *Mochila de triaxe:*
 - Bloc tarxetas de triaxe.
 - Cintas para fixar tarxetas.
 - Tesoiras corta-roupa.

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES

Responsable: Dirección Asistencial

- 2 cánulas orofarinxes de cada tamaño.
 - 10 compresas.
 - 2 vendas crepé 10x10.
 - Esparadrapo ou adhesivo.
 - 4 rotuladores tinta indeleble punta 0.5mm.
 - Asubíos.
 - Pulseiras de cores para triaxe SHORT.
- **AA-SVB**
 - Cascos azuis (2).
 - Cintas adhesivas para triaxe **SHORT** : vermella, amarela, negra e verde.
 - **Comunicacións**: 2 teléfonos e 2 Tetra (o da ambulancia será o nº1 e o portátil será o nº 2).
 - *Algoritmo de actuación en IMV.* (Anexo II).

Na aproximación o persoal da ambulancia revisará/comprobará e repartirase o material específico de catástrofes/IMV desta. En caso de que existan riscos NBQR, seguiranse os procedementos e instrucións específicos para este tipo de riscos vixentes na FPUSG-061.

2.2.- Organización e control do escenario

Seguiranse as indicacións contidas na instrución: [IO6-02 Control do escenario en IMV](#).

2.3 Organización do equipo asistencial

O Mando Sanitario nun IMV será:

- Persoal médico da primeira AA-SVA-M da RTSUG-061 que chegue ao punto.
- Persoal sanitario de atención primaria mentres non chegue unha AA-SVA-M.

Os roles indispensables a designar en calquera IMV son:

- Mando Sanitario.
- Responsable de Triaxe.
- Responsable de Parking.
- Responsable de Comunicacións / Evacuacións (provisional ata designación doutro).

Outros roles que se designarán, en función da natureza do IMV, son:

- Responsable de Asistencia.
- Responsable de Evacuacións.
- Responsable de Verdes (designado polo Responsable de Triaxe).

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES*Responsable: Dirección Asistencial***Tarefas a realizar en función do tipo do recurso no que se atope o persoal TES**De ser a primeira AA en chegar ao punto:**- AA-SVA-M con dotación de catro persoas:**

- Médico: Mando Sanitario.
- Enfermeira: responsable de Triaxe.
- TES condutor: responsable de Parking.
- TES axudante: responsable de Comunicacóns / Evacuacións (provisional ata designación doutro).

- AA-SVA-M con dotación de tres persoas:

- Médico: Mando Sanitario.
- Enfermeira: responsable de Triaxe.
- TES: responsable de Parking.
- Responsable de Comunicacóns: TES axudante da primeira AA-SVB en chegar ao punto, ou quen o Mando Sanitario designe.

- AA-SVA-E

- Enfermeira: triaxe SHORT.
- TES: organización e sectorización do lugar do incidente.

- AA-SVB

A prioridade será a seguridade e a organización da escena segundo as súas posibilidades e seguindo o procedemento:

- Seguridade na escena: **non acceder ao punto de impacto dun IMV se existen dúbidas acerca da seguridade.**
- Organizar:
 - » Informarse e valorar a situación para transmitila á CCUSG-061: indicacións de acceso á escena para o resto de recursos, tipo incidente, riscos, número aproximado de vítimas.
 - » Ter previsión do espazo necesario para as áreas de despregamento: triaxe, posto sanitario, nora de ambulancias, etc. colaborando e seguindo indicacións dos FCSE se xa estivesen no punto.

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES

Responsable: Dirección Asistencial

- » Informar ao Mando Sanitario á súa chegada, pasando a realizar as tarefas que se lles encomenden.

De ser a segunda ou sucesivas AA en chegar ao punto:

- Segunda AA-SVA e seguintes:

O persoal TES axudante do segundo e seguintes recursos deberán seguir as indicacións do seu equipo sanitario, despois de que o Mando Sanitario lle asigne a este equipo as tarefas a desempeñar.

O persoal TES condutor quedarase sempre na ambulancia, salvo indicación expresa dos responsables de IMV.

- Segunda AA-SVB e seguintes:

Soamente deberán dirixirse ao punto do sinistro unha vez que sexan activadas pola CCUSG-061.

Unha vez no lugar, anunciarán a súa presenza ao responsable de Parking, quen lles asignará unha identificación, (no caso das AA-SVB da RTSUG-061: o número de trunking; no caso de ambulancias non pertencentes á RTSUG-061 será o da matrícula), indicarlles o lugar onde deben estacionar e, por indicación do Mando Sanitario, as tarefas que deben realizar. **O condutor quedarase sempre na ambulancia**, salvo indicación expresa dos responsables do IMV.

A continuación defínense os posibles roles a desempeñar polo persoal TES nun IMV:

• Responsable de Parking:

Designado polo Mando Sanitario. Como norma xeral, será o persoal TES condutor (casco azul, chaleco identificativo, TETRA e teléfono) da AA-SVA-M responsable da xestión do IMV, ou en caso de que esta AA-SVA sexa un helicóptero, da primeira AA-SVB en chegar ao punto.

Serán as súas responsabilidades específicas:

- Organizar e coordinar as actividades de transporte sanitario: nora de ambulancias, rutas de acceso e regreso, etc.
- Indicarlle a todas as ambulancias que cheguen ao punto onde deixar o vehículo, que o persoal TES condutores queden nas ambulancias, e recordarlle ao persoal TES

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES

Responsable: Dirección Asistencial

axudantes que leven os seus TETRAS. Darlle as instrucións para dirixirse e realizar as tarefas que lle sexan encomendadas polo Mando Sanitario.

- Informar ao persoal locutor, responsable do IMV na CCUSG-061, de vías de acceso ao lugar do sinistro.
- Informar ao Mando Sanitario acerca das necesidades de transporte e do inventario de ambulancias dispoñibles na nora.
- Cumprimentar a folia de rexistro de Parking.
- Apoio continuo ás labores organizativas do Mando Sanitario.

- **Responsable de Comunicaci3ns:**

Designado polo Mando Sanitario, quen lle dirá cal será o seu medio de comunicaci3n. Como norma xeral, será o persoal TES axudante (casco azul, teléfono, TETRA 3 e chaleco laranxa identificativo). Acompañará ao Mando Sanitario e levará o teléfono principal, walkie e Tetra (nº3).

Responsabilidades específicas:

- Asistir principalmente ao Mando Sanitario encargándose de recoller e transmitir as peticións e informaci3ns que procedan do resto de responsables intervinientes na escena: parking, evacuaci3ns, triaxe, asistencia...
- Asegurar que todos os responsables teñan os medios axeitados para manter unha boa comunicaci3n co resto, solicitando 3s mesmos a súa achega en caso necesario.

- **Responsable de Verdes:**

Este rol poderá ser designado polo responsable de Triaxe en funci3n da natureza do IMV. Será asignado ao persoal TES.

Responsabilidades específicas:

- Buscar unha ubicaci3n axeitada para estes pacientes, de acordo co responsable de Triaxe.
- Valoraci3n continua do estado do paciente catalogado como verde.
- Rexistro e filiaci3n dos pacientes.

- **Responsable de Evacuaci3ns:**

Este rol será desenvolvido polo responsable de Comunicaci3ns ata que sexa asumido por orde do Mando Sanitario por un médico.

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES

Responsable: Dirección Asistencial

Responsabilidades específicas:

- Solicitar ao responsable de Parking o recurso axeitado para a evacuación da vítima.
- Solicitar á CCUSG-061 o destino das vítimas preparadas para traslado transmitindo a información que achegue o responsable de asistencia.
- Cumprimentar a folia de rexistro de evacuacións.

2.4.- Triaxe e clasificación das vítimas

Cando a triaxe inicial sexa realizada polo persoal TES, este realizará unha triaxe básica, segundo o método SHORT (Anexo I).

2.5.- Asistencia

Seguiranse os procedementos asistenciais vixentes na FPUSG-061. O persoal TES deberá prestar toda a axuda e colaboración que lle sexa solicitada polo persoal facultativo e/ou de enfermaría.

2.6.- Evacuación e transporte

As ambulancias que se atopen nun IMV deberán:

- Estacionarse nun punto (na área de base se xa estivese creada) para non entorpecer as labores de asistencia dos distintos participantes e poder realizar unha noria de ambulancias se fose preciso.
- Seguir as indicacións do responsable de Parking. O persoal condutor TES deberá permanecer dentro da ambulancia salvo solicitude expresa dos responsables do IMV.
- Cando sexa preciso realizar unha evacuación o responsable de Evacuacións solicitará unha ambulancia ao responsable de Parking. Nese momento, a ambulancia requirida aproximarse ao punto de carga para recoller ao paciente.
- O destino do paciente será decidido pola CCUSG-061 tras a información recibida por parte do responsable de Evacuacións.
- Tras a recollida do paciente e a comunicación do destino, por parte do responsable de Evacuacións, iniciárase o traslado prestando os cuidados precisos durante este.
- Cando a situación do paciente o permita solicitaranse os datos de filiación senón os tivese rexistrados con anterioridade na tarxeta de triaxe.

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES

Responsable: Dirección Asistencial

- Unha vez finalizado o traslado comunicarase a operatividade á CCUSG-061 e seguiranse as instrucións desta sobre se debe volver ou non ao lugar da emerxencia.

6.- Finalización do IMV e reactivación do sistema

O Mando Sanitario indicará cando o dispositivo organizativo e asistencial sanitario do IMV pode finalizarse. No caso de que no despregue sanitario se utilizase material das huchas de catástrofes da FPUSG-061, a CCUSG-061 e/ou o Mando Sanitario designarán o equipo e o recurso da RTSUG-061 ou de apoio que realizará as tarefas de recollida do material e a devolución aos puntos habituais.

3. DEFINICIÓNS

- **Incidente de Múltiples Víctimas:** calquera emerxencia sanitaria onde se estea a producir unha desproporción entre necesidades asistenciais e recursos dispoñibles.
A CCUSG-061 en función do número de vítimas establece distintos niveis:
 - **Emerxencia nivel 0: de 5 a 10 vítimas.**
 - **Emerxencia nivel 1: > de 10 e ata 25 vítimas.**
 - **Emerxencia nivel 2: >25 e ata 50 vítimas.**
 - **Emerxencia nivel 3: >50 vítimas.**
- **Mando Sanitario:** médico que asume a responsabilidade de organizar a atención sanitaria no punto dun incidente con múltiples vítimas. Habitualmente será o médico da primeira USVA da FPUSG-061 no punto.
- **Triaxe:** actuación para asignar ás vítimas prioridade para rescate, estabilización e evacuación nun IMV.
- **Nora de ambulancias:** rotación de ambulancias para a evacuación das vítimas dende o lugar do IMV ata o centro sanitario.

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES

Responsable: Dirección Asistencial

4. REXISTROS

- Aplicativo Acorde.
- HAI/SIGUR.
- Rexistro de Parking.
- Rexistro de Verdes.
- Checklist responsable Parking.
- Checklist responsable Verdes.
- Checklist responsable Comunicaci3ns.
- Checklist responsable Evacuaci3ns.

5. ANEXOS

Anexo I: Triaxe b3sica SHORT.

Anexo II: Algoritmo de actuaci3n en IMV.

Anexo III. Esquema de sectorizaci3n en IMV.

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES*Responsable: Dirección Asistencial***ANEXO I****Triaxe básica SHORT**

Clasifica as vítimas en catro grupos ou categorías segundo a gravidade/temporalidade e asigna una prioridade de rescate e evacuación cara a área de socorro.

Cada categoría implica unha prioridade, e identifícase cunha cor que por orden decrecente serán:

1. Vermella.
2. Amarela.
3. Verde.
4. Negra.

A identificación das vítimas clasificadas con cada cor realizarase con fita adhesivas, ou simplemente situando as vítimas de cada prioridade nas áreas sinaladas con cada cor (lonas, bandeirolas) na área de triaxe. En ningún caso este etiquetado implica a filiación das vítimas que será sempre establecida durante a triaxe de estabilización.

Este método consta de catro pasos, dos cales un, **taponar hemorraxias**, debe aplicarse simultaneamente cos outros.

O primeiro paso supón o desaloxo da zona por parte de todos os que poden camiñar.

A secuencia de actuación é como sigue:

1. A vítima pode camiñar?

Cando o rescatador accede ao lugar onde se encontran as vítimas debe ordenar en voz alta "que saian camiñando todas as persoas que poidan facelo, enviándoos cara a un lugar previamente establecido. A estas vítimas manteráselles en observación.

- A quen sae camiñando clasificaráselle coa **cor verde**.
- A quen non camiña non se lle debe insistir en que o faga, e valorarase o paso seguinte.

2. Fala sen dificultade e obedece ordes sinxelas?

- Se a súa fala é (*)normal en canto a ton, fluidez, coherencia e intelixibilidade.
- Obedece ordes sinxelas (mova unha perna, peche os ollos).

(*)*Esta triaxe pode ter limitacións para nenos pequenos e persoas con alteración da fala. Estas dúas circunstancias deberán ser tidas en conta cando se realiza.*

Os que cumpren as dúas premisas clasificarase coa cor amarela.

Se unha das dúas premisas anteriores non é normal (se a fala non é normal ou non obedece ordes sinxelas) pasarase a valorar se respira ou se ten signos de circulación.

ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES*Responsable: Dirección Asistencial***3. Respira? Signos de circulación?**

Realizaremos apertura de vía aérea e aplicaremos o método tradicional de "Ver, oír, sentir" se é preciso.

Se non se pode valorar se respira, comprobaremos signos indirectos de circulación (movimentos, deglutición).

- Se respira ou presenta algún movemento, clasificáremola coa **cor vermella**. Se está inconsciente poñerémolo en posición lateral de seguridade para que non aspire un posible vómito ou sangue e aseguráremonos da apertura da vía aérea.
- Se non respira tras a apertura da vía aérea, nin tampouco presenta ningún movemento, clasificáremola coa **cor negro**: vítima falecida ou con mínima prioridade.
- **Ante calquera dúbida de se respira ou presenta algún movemento, clasifícase como vermello.**

4. Taponar hemorraxias

Taponaranse todas as hemorraxias que parezan importantes, independentemente da clasificación das vítimas (verdes, amarelas ou vermellas). Reavaliaremos periodicamente a eficacia do taponamento.

***Esta triaxe pode non ser válida para nenos pequenos e persoas con alteración da fala. Estas dúas circunstancias deberán ser tidas en conta cando se realiza.**



ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES

Responsable: Dirección Asistencial

Anexo II: Algoritmo de actuación en IMV



ASISTENCIA E TRANSPORTE EN IMV. PERSOAL TES

Responsable: Dirección Asistencial

Anexo III: Esquema de sectorización en IMV

